

## **O patrimonio marítimo e fluvial**

Propostas para os partidos políticos que concorren ás eleccións ao  
Parlamento de Galicia

Outubro 2012

Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial  
FGCMF

**Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (FGCMF)**  
**Centro social Baltar**  
**Rúa Baltar, nº 26 - 1ª Planta**  
**Castrelo**  
**36639 – Cambados**

**Telef.: 986 524 845 (de 09:30 a 13:30)**  
**Mobil: 689 005 026**  
**[fgcmf@culturamaritima.org](mailto:fgcmf@culturamaritima.org)**  
**<http://www.culturamaritima.org>**

<b>Resumo executivo .....</b>	<b>4</b>
<b>1. Introducción.....</b>	<b>6</b>
<b>2. A situación do patrimonio marítimo e fluvial .....</b>	<b>6</b>
2.1 A lexislación .....	6
2.2 O inventario .....	7
2.3 Infraestructuras.....	8
2.4 Axudas e exencións.....	9
2.5 A activación e socialización do patrimonio.....	10
2.6 A carpintería de ribeira .....	11
2.7 Os grandes barcos da flota.....	12
<b>3. As actuacións da FGCMF .....</b>	<b>13</b>
3.1 2009 .....	13
3.2 2010 .....	13
3.3 2011 .....	14
3.4 2012 .....	14
<b>4. Conclusións e propostas.....</b>	<b>15</b>

## Resumo executivo

A situación do patrimonio marítimo e fluvial de Galicia mellorou nos últimos 20 anos, pero a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (FGCMF) quere salientar aqueles aspectos da situación actual que están a prexudicar ou a dificultar a protección e socialización deste patrimonio.

A FGCMF esta formada por 44 asociacións e entidades de moitas vilas de Galicia e Norte de Portugal. O interese da FGCMF é o da protección pero sobre todo o da socialización do patrimonio marítimo e fluvial. De nada vale ter un grande patrimonio se non hai activación e socialización que faga que a xente desfrute del.

Neste momento son moitas as persoas e entidades de todo tipo que desenvolven algúnha actividade relacionada co patrimonio marítimo e fluvial. Son moitos os puntos de vista e os intereses. A FGCMF valora moi positivamente esta diversidade.

A FGCMF considera que o patrimonio é algo vivo, que está en continua evolución e que non pode ser “fossilizado”. O futuro está nun mar que siga sendo fonte de riqueza a través da pesca, o marisqueo e o transporte sostibles, e nuns ríos vivos cultural e ambientalmente.

### Situación actual

Entre os aspectos que neste momento se entende que prexudican ao patrimonio están os seguintes:

- Non hai unha lexislación específica para o patrimonio marítimo e fluvial, isto fai imposible unha protección adecuada e dificulta moito o despacho de barcos de interese patrimonial
- Non hai un inventario dos elementos que forman o patrimonio marítimo e fluvial, de xeito que non é posible establecer políticas de protección e activación baseadas nunha planificación a longo prazo
- Os centros e entidades de protección e promoción do patrimonio teñen uns orzamentos moi reducidos e non existe un mecanismo de coordinación entre eles, cousa xa difícil de por si porque dependen de diferentes administracións
- Non hai un tratamento económico favorable para a maioría dos barcos de interese patrimonial
- Non hai instalacións a pe de praia ou nos portos onde as asociacións que o precisen poidan invernarse ou reparar a cuberto os seus barcos.
- Non hai axudas específicas a este tipo de patrimonio e as exencións existentes aplícanse de xeito moi restrictivo

- Os carpinteiros de ribeira están a pasar por unha situación preocupante, con problemas de falta de normativas adecuadas e relevo xeracional, ademais dos comúns a todas as pequenas empresas.
- Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia, o evento máis importante do seu tipo na península ibérica, sufriu unha baixada moi notable no apoio das administracións.

A FGCMF nos pasados catro anos fixo un traballo de activación do patrimonio, pero tamén un traballo en xornadas ou grupos de traballo de difusión e estudo dos aspectos que poden ser claves no futuro.

Os ecomuseos como vertebradores do territorio, a necesidade da presenza dos barcos de interese patrimonial na Lei de Navegación, os inventarios de carpinterías de ribeira e de barcos de interese patrimonial, a creación dun sistema para o recoñecemento do componente cultural das embarcacións, o turismo sostibel, ou a estratexia para 2014-2020 do Arco atlántico como un marco de futuro para o patrimonio, son algúns dos elementos estudados.

## **Propostas**

Frente a esta situación a FGCMF propón a adopción ou o impulso das seguintes medidas polo goberno de Galicia:

- Elaboración e mantemento actualizado dun inventario do patrimonio marítimo e fluvial, tanto moble como inmovible e inmaterial
- Establecer mecanismos para o recoñecemento cultural das embarcacións de interese patrimonial
- Elaborar unha política de discriminación positiva clara e que axude á subsistencia dos barcos de interese patrimonial
- Apoiar decididamente ao sector da carpintería de ribeira, eliminando atrancos normativos para o seu traballo
- Coordinar os centros, entidades e actividades adicados ao patrimonio marítimo e fluvial, independentemente de a que institución pertenzan. Creando unha imaxe común e identificadora cara á poboación en xeral e ao turismo en particular.
- Apoiar o turismo sostible e que integre o patrimonio marítimo e fluvial como un valor de marca salientable
- Liderar o Grupo de Traballo "Cultura e Turismo" da Comisión do Arco Atlántico da Conferencia de Rexións Periféricas Marítimas de Europa
- Apoiar decididamente o Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia, como elemento dinamizador do patrimonio, e como escaparate cara á cidadanía galega e á de outros territorios do traballo desenvolto.

## **1. Introducción**

Chega o tempo de eleccións e desde a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (FGCMF) queremos transmitir a todos os partidos que se presentan ás eleccións e a toda a cidadanía galega a visión que da situación actual do patrimonio marítimo e fluvial ten a FGCMF.

Son moitos os puntos de vista e os intereses presentes no sector do patrimonio marítimo e fluvial. Os actores relacionados co patrimonio son moitos e de distintos tipos, desde o propietario dun barco ou dunha fábrica ata o mariñeiro retirado que posúe coñecementos e obxectos importantes, desde o membro dunha asociación cultural ata o propietario dunha empresa de charter náutico, ou desde o Concello máis pequeno ata a Unión Europea, pasando por Deputacións, Xunta de Galicia ou Goberno de España.

O punto de vista da FGCMF é o da sociedade civil interesada na activación e socialización dese patrimonio. As 44 asociacións de todo tipo que forman a FGCMF son na súa inmensa maioría asociacións e entidades de tipo cultural ou náuticas, presentes no territorio de Galicia, e algunhas no territorio do Norte de Portugal.

Dito isto a FGCMF entende que a actividade económica é garantía de futuro para o patrimonio e por tanto ve moi positivamente as actividades empresariais que respetando o patrimonio e o medio ambiente procuran un rendemento económico. Por tanto a FGCMF mantén boas relacións con empresarios e sectores de actividade como a pesca, o marisqueo, o turismo mariñeiro, a gastronomía relacionada co mar, etc.

En primeiro lugar faremos un repaso aos elementos máis preocupantes da situación do patrimonio marítimo e fluvial, logo veremos as actividades feitas pola FGCMF nos últimos catro anos a prol do patrimonio, e por último plantexaremos as propostas que pensamos que poden axudar a protección e promoción tanto social como económica do noso patrimonio.

## **2. A situación do patrimonio marítimo e fluvial**

### **2.1 A lexislación**

Non hai neste momento normativa legal específica referida ao patrimonio marítimo e fluvial, nin tampouco aparece mencionado explicitamente na lexislación de protección do patrimonio cultural. Si é certo que na *Lei 11/2008 de pesca de Galicia* se fai mención do turismo mariñeiro e que na normativa de taxas de Portos de Galicia contéplase a posibilidade de exencións ás embarcacións tradicionais, pero sin entrar a aclarar os criterios polos que Portos considerara a unha embarcación como tradicional, o que está a ocasionar problemas aos propietarios destas embarcacións.

Hai por tanto un vacío legal no que respecta a protección do patrimonio marítimo e fluvial xa que non hai normativa que o defina. Por outro lado isto fai que sexa moi difícil, cando non imposible, facer que unha determinada administración tome en consideración a natureza de

patrimonio dun elemento determinado á hora de tomar decisións como a súa conservación (no caso de inmobles) ou como a súa protección mediante exencións e axudas no caso de embarcacións.

Un caso especial é o das Capitanías de porto, que son quen deben autorizar a navegación das embarcacións, e que aínda tendo un demostrado interese en facilitar a navegación dos barcos tradicionais nuns casos están constringidas pola normativa vixente, e así vense por tanto obrigadas a aplicar a un pequeno barco tradicional a normativa que se lle aplicaría a un barco construído coa máis moderna tecnoloxía e co deseño máis avanzado. E noutros casos a lexislación deixa a criterio de cada capitanía a interpretación da lexislación, polo que nunha capitanía interpretan a lexislación dun xeito diferente á outras capitánías veciñas.

## **2.2 O inventario**

Non hai neste momento un inventario do patrimonio marítimo e fluvial. O inventario é unha vella reclamación da Federación, porque consideramos que non é posible diseñar unha estratexia exitosa de protección e promoción do patrimonio sen antes saber con que elementos se conta, onde están e en que condicións.

As iniciativas para inventariar o relacionado co mar xa son vellas pero sempre minoritarias. En 1992 dos 27 proxectos aprobados pola Comisión Técnica de Etnografía da Consellería de Cultura para inventariar patrimonio só tres estaban relacionados co mundo do mar. Os inventarios dos que dispoñemos neste momento son parciais, están feitos por asociacións, confrarías, concellos, etc. e non contan co selo de oficialidade que lles conferiría o valor que precisarían para poder construír sobre eles as políticas de xestión necesarias. Poida parecer que non lles damos valor a estes inventarios, pero non é así. Son traballos moi meritorios, moitas veces feitos con medios moi escasos, e que abren camiños non andados antes.

Como exemplo destes inventarios podemos mencionar o inventario de gamelas feito recentemente pola Asociación Mar da Pedra de Cangas do Morrazo en colaboración coa Confraría de Cangas e co patrocinio do GAC 7 (Ría de Vigo-A Guarda). Este inventario é a única ferramenta existente para coñecer o estado das gamelas coruxeiras e guardesas, unha tipoloxía única da costa sur de Galicia e norte de Portugal.

Outro exemplo de inventario témolo no de recursos materiais e inmateriais do territorio das confrarías de Muros, Pindo, Fisterra e Laxe, feito por Dionísio Pereira para o Asociación "Confrarías do mar da fin da terra", e que se plantexou como unha ferramenta para xerar produtos turísticos ou similares relacionados co patrimonio cultural e para poder establecer accións de conservación dos elementos inventariados.

E así poderíamos seguir: hai inventarios de muiños de río, de exvotos mariñeiros, de pontes, de instalacións relacionadas coa salga e a conserva, de muiños de maré, de faros, etc.

Un caso especial de inventario é o dos inventarios de carpinterías de ribeira e de embarcacións que naceron do Proxecto DORNA (Desenvolvemento Organizado e Sostible de Recursos no Noroeste Atlántico). A FGCMF colaborou como asesora neste proxecto europeo establecido

no marco do Programa de Cooperación Transnacional Espazo Atlántico , que contou ademais de cos socios internacionais, coa participación da Consellería do Mar e o Colexio de Arquitectos de Galicia e foi pilotado pola Deputación da Coruña. O proxecto naceu para tratar de poñer medios que eviten a desaparición das carpinterías tradicionais na Europa Atlántica. Un dos obxectivos básicos definidos no proxecto foi elaborar un inventario de carpinterías e barcos de interese patrimonial. O inventario, que é publico, comprende datos de carpinterías e barcos de Galicia, Portugal, Euskadi, e Escocia.

Este inventario está completo no que respecta ás carpinterías, pero non se completou no que respecta ás embarcacións debido ao remate dos prazos do financiamento. Sin embargo o deseño conceptual da base de datos e da ficha de recollida de datos están á disposición das administracións para servir de base a un futuro inventario total das embarcacións de interese patrimonial de Galicia.

Respecto dos bens relacionados co mar e os ríos que constan neste momento no Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia non nos é posible de saber con facilidade cales son, xa que o inventario non está accesible en Internet. Sí sabemos que todos os obxectos que forman parte das coleccións dos museos dependentes da Xunta están neste inventario, que a Consellería de Cultura decidiu incluír no Inventario hai pouco tempo a Carpintería da Banda do río (o Taller de Purro), en Bueu, e que non hai ningún barco a flote que forme parte deste inventario.

## **2.3 Infraestructuras**

Por infraestructuras entenderemos aquelas instalacións que están adicadas á protección do patrimonio, ou que sirven de axuda ás asociacións, entidades e administracións que se adican a ese fin.

Os museos son as principais infraestructuras públicas de protección do patrimonio. Neste momento hai tres museos adicados ao mar (Museo do Mar de Galicia en Vigo e Museo Massó en Bueu dependentes da Xunta de Galicia, e Museo Provincial do Mar de Lugo en San Cibrao que depende da Deputación de Lugo) cunha traxectoria asentada, e con fondos importantes. Logo temos varios museos que aínda non adicados ao mar especificamente teñen fondos importantes como son o Museo de Pontevedra e o Museo do Pobo Galego en Compostela, que coa súa sala do mar abriu un camiño en 1977 que logo seguiron o resto de museos.

Xunto a estes grandes centros hai cada día máis pequenos museos e centros de interpretación ao redor da cultura marítima. Por exemplo o Museo do Mar de Laxe, o Museo da Pesca de Fisterra, o museo do Mar de Noia, o futuro Museo Etnográfico e do Mar de Porto do son, o Museo do Mar de Rianxo, o Museo Casa do Pescador de Cambados, o Museo da Salga do Grove, Museo do Mar da Guarda, o Centro de Interpretación dos Naufraxios, Faros e Sinais Marítimas de Cabo Vilán (Camariñas), etc. Estes centros son moi distintos entre si, tanto en tamaño, como en persoal, dependencia administrativa, recursos, etc.



Pódese dicir que hai xa un bo conxunto de instalacións de tipo museístico relacionadas co mar por toda a costa galega. Pero pensamos que algúns destes centros presentan dous puntos fracos notorios. Por un lado a falta de recursos económicos e de persoal cualificado, e por outro o aillamento. Son moi poucos os que teñen persoal formado e contratado indefinidamente que permita planificar a longo prazo. E todos traballan como illas, sen outro contacto que o que os seus responsables poidan establecer entre eles.

Urxe pois artellar unha política de axudas a estes centros e sobre todo urxe establecer mecanismos de coordinación entre eles, sabendo que isto é difícil xa que dependen de un conxunto moi dispar de administracións.

No que se refire a instalacións para as embarcacións a flote, existen tres pantaláns adicados en exclusiva aos barcos tradicionais: un no Grove, outro en Bouzas e outro en Combarro. E Portos de Galicia fixo pública a súa intención de reservar nos seus portos atraques específicos para a flota de barcos tradicionais. Isto é bo, tanto para os armadores dos barcos como para a cidadanía en xeral, que ademais de ver protexidos os barcos, pode disfrutar visitando os portos nos que están.

Por último, son moitas as asociacións da FGCMF que teñen dificultades para conseguir un local onde gardar os seus barcos en condicións adecuadas. A carestía dos alugueiros e sobre todo a dificultade de conseguir acceder a construcións no linde das praias ou nos muelles fai que en moitos casos se vexan obrigadas a non poder acometer tarefas de conservación en barcos que as precisan ou incluso a renunciar a barcos por non ter onde invernalos. Tal é o caso da Escola de Navegación Tradicional da ACD Dorna da Illa de Arousa, que está a cumprir unha importante labor de formación en navegación tradicional e que ten moitos problemas para poder gardar e reparar os seus barcos no inverno xa que non dispón de instalacións para facelo e por tanto tivo que renunciar a facerse cargo de barcos importantes do noso patrimonio que precisan de coidados.

## **2.4 Axudas e exencións**

Neste momento non hai axudas das administracións públicas adicadas especificamente ao patrimonio marítimo e fluvial. Hai moitos anos a Consellería de Pesca tiña unha liña de axudas á construción ou recuperación de barcos tradicionais. Ao desaparecer estas axudas a Deputación de Pontevedra abriu unha liña similar, o que explica en parte que moita da flota de barcos tradicionais de tamaño medio teña porto base nesa provincia. As axudas da Deputación deixaron de convocarse no ano 2008. As axudas ás que están accedendo algúns colectivos da FGCMF son de tipo xenérico para proxectos de asociacións culturais.

A FGCMF é plenamente consciente da que a actual situación económica non propicia a convocatoria de grandes axudas de ningún tipo, pero consideramos que debe estudiarse a posibilidade de establecer unha liña específica para este tipo de patrimonio, en primeiro lugar polo serio perigo en que está de desaparecer dada a súa natureza, especialmente as embarcacións que ao estar feitas de madeira sufren un acelerado proceso de deterioro. E en segundo lugar polo efecto multiplicador destas axudas ás embarcacións, xa que a náutica tradicional ven supoñer cerca do 30% da actividade das carpinterías de ribeira galegas.

A FGCMF considera que é preciso un tratamento de discriminación positiva respecto das taxas e impostos que soporta o patrimonio marítimo e fluvial. Neste sentido vemos moi positivamente que Portos de Galicia decidira facer un desconto do 90% na taxa que se lle cobra ás embarcacións cando se trate de barcos de tipo tradicional. Sin embargo este desconto aplícase moi restrictivamente, xa que so se considera aplicable a barcos de gran tamaño respecto da media da flota tradicional, á vez que xurden problemas á hora de determinar que é un barco tradicional.

Sería pois necesario crear o instrumento que permitise aclarar que é un barco de interese patrimonial para a administración en xeral, e cales merecen un tratamento favorable pola súa importancia cultural. Isto so pode facerse desde o inventario de embarcacións previo e desde a elaboración de criterios e mecanismos para conferir a un determinado barco o selo que leve consigo o dereito a un tratamento especial e exencions.

## **2.5 A activación e socialización do patrimonio**

Todos os anos os colectivos membros da FGCMF organizan mostras, encontros, regatas, conferencias, etc. ao longo da costa galega. Máis de 20 desas actividades consisten en navegacións, case sempre abertas a quen queira participar nelas.

Os colectivos da FGCMF levan 20 anos facendo traballo de socialización do patrimonio. Desde aqueles primeiros anos, onde esto era "cousa de catro tolos", ata o día de hoxe onde a nivel europeo o continuo traballo que realiza a FGCMF veuse recoñecido nos convites realizados para que a cultura marítima e fluvial de Galicia fose convidada de honra en Douarnenez 2000 e en Brest 2008, as máis importantes citas europeas de embarcacións tradicionais, e mesmo no 2012 co gallo da celebración dos 20 anos da festa marítima de Brest, a FGCMF foi novamente convidada pola organización do evento.

Como resultado desta traxectoria, no ano 2009 a European Maritime Heritage (EMH), asociación de carácter internacional que conta co abeiro da Unesco e asesora ás autoridades da Unión Europea nos temas do patrimonio marítimo, convidou á FGCMF a formar parte daquela asociación. Dende ese momento a FGCMF convértese no primeiro e único representante do Estado español de pleno dereito no EMH. En setembro de 2010, no 7º Congreso de EMH realizado en Lisboa, a FGCMF foi nomeada membro do Comité executivo da EMH ademais de formar parte das comisións de Cultura e de Seguridade desa asociación.

Cada dous anos desde 1993 a FGCMF organiza o Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia. Este é o maior evento do sector na Península Ibérica, tanto polo número de barcos, máis de 120, como polo número de actividades que se fan durante os catro días que dura o Encontro. Esta actividade é o punto de reunión das xentes interesadas no patrimonio, e supón un escaparate do realizado nos dous anos anteriores polos participantes. Asociadas ao Encontro organízanse unhas Xornadas Técnicas onde se trata un tema específico relacionado

co patrimonio e que a FGCMF aproveita para traer a especialistas doutros países para que mostren o que están a facer noutras zonas.

O Encontro supón unha panca para a zona onde se organiza, xa que sempre activa o interese polo patrimonio e atrae a miles de persoas os catros días que dura, e tamén é unha mostra do noso patrimonio de cara aos galegos e de cara aos visitantes foraneos que cada día son máis. Organizar o Encontro é un esforzo moi considerable para a FGCMF, e ata a pasada edición sempre contou co apoio das administracións. Pero o X Encontro que tivo lugar en Carril sufriu dunha falta de apoio case total, xa que so a Consellería do Mar e a de Industria aportaron financiamento, aínda que moito menos que noutras ocasións.

Por último a FGCMF ten unha notable actividade editorial, editando a revista Ardentía, que xunto con Argo, editada polo Museu Marítim de Barcelona son as principais revistas sobre patrimonio marítimo e fluvial da península.

Desde a fundación da FGCMF en 1993 sempre contou co apoio en distintos modos da Consellería de Pesca, hoxe do Medio rural e do Mar. Evidentemente consideramos que este apoio foi moi importante e é imprescindible que siga existindo, á vez que entendemos que a Consellería de Cultura debe ter un papel máis activo no mundo do patrimonio marítimo e fluvial.

Cada vez son máis os actores implicados na socialización do patrimonio. Confrarías, agrupacións de mariscadoras, asociacións, empresas privadas, concellos, etc. están a facer unha labor de divulgación moi importante. Desde a FGCMF vemos moi positivamente isto, tanto pola cantidade de actores e actividades como pola variedade. O mar e os ríos de Galicia son moi diversos e pensamos que diversos deben ser os enfoques das actividades de promoción e activación do patrimonio.

Pero a grande diversidade de actividades tanto en tipoloxía como en localización xeográfica fai moi difícil xerar unha imaxe común, cousa certamente importante para poder chegar á xente que poida estar interesada no patrimonio marítimo e fluvial. Neste sentido a recente publicación por Turgalicia dun folleto que recolle iniciativas, recursos e actividades relacionadas co turismo mariñeiro parécenos unha excelente noticia apesar de que non menciona a existencia nin da Federación nin do Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia.

A FGCMF considera que o patrimonio é algo vivo, que está en continua evolución e que non pode ser "fossilizado". O futuro está nun mar que siga sendo fonte de riqueza a través da pesca, o marisqueo e o transporte sostibles, e nuns ríos vivos cultural e ambientalmente.

## **2.6 A carpintería de ribeira**

A situación do sector da carpintería de ribeira é preocupante. Ten por diante uns desafíos notables pero tamén unhas posibilidades enormes. Neste sentido a creación da Asociación

Galega de Carpinteiros de Ribeira (AGALCARI) foi unha excelente noticia, xa que lles está permitindo aos carpinteiros ter unha voz común e actuar coordinadamente.

O diagnóstico do sector xa está feito por AGALCARI e polos traballos feitos sobre o tema polo Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR). Hai problemas de normativa que dificultan a construción en madeira, hai problemas de relevo xeneracional, hai escaseza de centros de formación, é preciso un traballo de promoción do sector, etc. Pero tamén hai unhas posibilidades notables de futuro, sobre todo pensando en que cada vez máis se vai ter en conta o uso de materiais ecolóxicos, e de que a pegada de carbono de todo o proceso de construción, uso e retirada das embarcacións sexa reducida, cousa que no caso da madeira está máis que demostrado.

Desde a FGCMF apoiamos o traballo de Agalcari, e desexámoslle éxito no seu empeño de facer da carpintería de ribeira un sector con futuro, non so no que se refire á náutica tradicional, senón a construción de barcos de traballo en madeira coas tecnoloxías máis avanzadas.

Todo isto non quere dicir que a FGCMF non considere entre o patrimonio os barcos construídos noutros materiais como pode ser o ferro, simplemente a maioría dos barcos de interese patrimonial galegos están construídos en madeira, e para a supervivencia da flota tradicional é imprescindible a supervivencia do saber dos carpinteiros de ribeira, os creadores desas embarcacións.

## **2.7 Os grandes barcos da flota**

A flota de embarcacións tradicionais de Galicia conta con algunhas unidades de tamaño xa considerable. Estes barcos teñen unha casuística especial, xa que polo seu tamaño teñen uns gastos de mantemento altos. A maioría deles adícanse ao turismo náutico, ou a actividades relacionadas coa cultura marítima.

Nos últimos tempos varios destes barcos tiveron que marchar de Galicia ou están en risco de facelo. Cada armador tivo as súas razóns para buscar novos mercados, pero en xeral pódese dicir que hai determinadas actuacións das administracións que, sinón causaron, si que axudaron a que a situación sexa esta. O caso máis coñecido é o do vapor Hídria II, que esta nunha viaxe de "peregrinación" polos portos do Mediterraneo en busca de traballo. O Hídria II é un barco de vapor, que orixinarmente foi construído para facer de alxibe na ría de Vigo, e que logo de restauralo, os seus actuais armadores adicaban ao turismo e a actividades culturais e que debido ás dificultades que atoparon nos portos galegos tiveron que marchar en busca dun medio de vida.

É preciso que desde as administracións se estudien as medidas que se poidan tomar para que barcos como o Hídria teñan os recursos necesarios para traballar en Galicia. É un privilexio dispor de barcos deste tipo, e se ben a maioría son de empresas privadas e por tanto suxeitas á lei do mercado como o resto das empresas, non é menos certo que os seus barcos non se poden considerar como calquera outro. Son barcos que merecen unha especial protección polas súas especiais características que os fan únicos.

### **3. As actuacións da FGCMF**

A seguir repasaremos as actuacións feitas pola FGCMF nestes últimos anos a prol do patrimonio, centrándonos na relación coas administracións e nos proxectos que dalgunha forma tratan de abrir un camiño de futuro para o patrimonio. Un traballo continuado, feito con medios limitados, pero que facultan á Federación como un interlocutor válido, avalado a nivel internacional polo European Maritime Heritage .

#### **3.1 2009**

No mes de xullo do ano 2009, pouco despois das anteriores eleccións ao parlamento de Galicia, a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial organizaba na Vila de Muros o seu IX Encontro de Embarcacións Tradicionais. A vila muradana vestíase mariñeira con máis de 150 embarcacións tradicionais.

A idea forza deste Encontro foi o Territorio como Patrimonio Integrado. Ao seu abeiro organizáronse unhas xornadas técnicas que contaron coa presenza de Presidenta da Federación de Ecomuseos de Francia, e o Director do sistema de ecomuseos asociados á Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía de Catalunya, entre outros poñentes, que analizaron o estado de desenvolvemento dos museos que vinculan o territorio, a memoria colectiva, a poboación e o patrimonio asociado. Unha tendencia que está a callar a nivel mundial e que a Federación considera unha ferramenta fundamental para artellar a posta en valor do noso patrimonio marítimo e fluvial.

#### **3.2 2010**

A finais de 2009, no Salón Náutico de Barcelona, a Federación, presente cun stand na sección de náutica tradicional, impulsa, con outras entidades, unha recollida de sinaturas para que no borrador da nova Lei de navegación que se estaba a tramitar se incluíra unha emenda sobre ás embarcacións tradicionais. As propostas para esta emenda formuláronse na Declaración de Xixón, exposta polo directores do Museu Marítim de Barcelona e do Museo do Mar de Galicia en representación de tódolos colectivos asinantes da mesma durante as xornadas que tiveron lugar co gallo do Día Marítimo Europeo celebrado en Xixón en maio de 2010.

A finais dese ano a Federación xunto co Museo do Mar de Galicia enviaron aos partidos políticos con representación parlamentaria así como aos Presidentes das Comisións de Pesca e Cultura do Parlamento de Galicia un borrador coas bases para establecer un inventario de bens mobles e outro de embarcacións. Este último serviu para construír a base de datos do proxecto europeo DORNA.

### **3.3 2011**

Novas singraduras acometéronse durante o ano 2011. O proxecto europeo NEA2 auspiciou en Cambados as xornadas “Embarcacións patrimoniais. Navegando nun mar de dúbidas” no mes de febreiro de 2011 que contou coa presenza dun representante da Dirección Xeral da Mariña Mercante. O máis relevante destas xornadas foi a creación dunha comisión, composta pola Consellería do Mar e a de Cultura, a Dirección Xeral de Mariña Mercante, a Asociación Galega de Carpinteiros de Ribeira (AGALCARI), e a propia Federación co obxectivo de debater sobre os criterios que permitirían determinar aquelas embarcacións de interese patrimonial e buscar, asemade, unha discriminación positiva das mesmas en materia de matriculación e despacho, en especial no que atinxe á normativa de seguridade, a semellanza do borrador que a nivel europeo se está tamén a desenvolver (i.e. Preservando o valor cultural e patrimonial, buscando medidas de seguridade operativas que, co mesmo grado de seguridade, substitúan ás estruturais que poñan en risco ese valor cultural).

No verán de 2011, o X Encontro foi acollido na vila de Carril e novamente a Federación trouxo a especialistas en turismo sostíbel co gallo de explorar vías de financiamento que permitan manter a flote e operativas ás embarcacións de interese patrimonial. Este concepto avoga por mudar o concepto tradicional de turismo, incentivando programas e ofertas turísticas que non respondan única e exclusivamente ás necesidades dos turistas senon que teñan en conta ás repercusións locais, buscando a viabilidade económica, a prosperidade local, a equidade social, a preservación da riqueza cultural e a preservación do medio ambiente, en especial o medio físico e a biodiversidade, como principais fins. Asemade tenta tamén promover o enfoque de xestión participativo entre todas as partes interesadas (i.e. Sociedade e sectores produtivos) no sector turístico, aumentando a concienciación no tocante á importancia da sustentabilidade e da xestión integrada na planificación, promoción e execución das actividades turísticas nas zonas costeiras.

Estamos pois nunha nova etapa na que o turismo ten que desenvolverse en torno a unha hélice de tres aspas: o medio ambiente, a economía e o desenvolvemento social. E neste entorno a Federación estima que as embarcacións patrimoniais poden ser o vehículo imprescindible para as zonas costeiras.

### **3.4 2012**

Pola outra banda, a Comisión do Arco Atlántico da Conferencia de Rexións Periféricas Marítimas de Europa, na súa Estratexia Marítima 2014-2020 quere desenvolver unha serie de obxectivos dos cales os seguintes poden supor un estímulo e un reto para o mantemento do noso patrimonio marítimo:

- Poder de atracción dos territorios a través do turismo
- Fomento da cultura atlántica, con accións específicas sobre cabotaxe, actividades náuticas e temas relacionados coa inclusión social (emprego, educación...)
- Reforzo da competitividade das PYMES

Para coñecer mellor esta estratexia, en maio de 2012, e co patrocinio da Consellería de Medio Rural e do Mar e do proxecto NEA 2, a Federación organizou outras xornadas en Cambados co tema “*Retos e oportunidades para as embarcacións patrimoniais no cadro da Estratexia*”

*Marítima para o Arco Atlántico 2014-2020*” que permitiron debater sobre o estado actual e as oportunidades que esta estratexia pode supor para o patrimonio marítimo. Asemade, tamén se analizáron os novos escenarios e oportunidades que a modificación das normativas en navegación a nivel europeo poden supor para o mantemento en uso e mesmo con sentido produtivo das embarcacións.

As conclusións destas xornadas foron amplas e moi ricas, a principal delas foi a necesidade de facer lobby diante das institucións europeas para promover o noso patrimonio. Outra gran conclusión que saeu das xornadas foi a gran importancia que se lle dou á posibilidade de promover a creación do Grupo de de Traballo "Cultura e Turismo" dentro da Comisión do Arco Atlántico da Conferencia de Rexións Periféricas Marítimas de Europa e de liderar este grupo desde Galicia como un medio de conseguir unha presenza maior nas institucións europeas, especialmente no que se refire á Estratexia Marítima do Arco Atlántico 2014-2020.

#### **4. Conclusións e propostas**

A situación do patrimonio marítimo e fluvial é na actualidade ambivalente, por un lado nunca se tiveron máis infraestructuras e se fixeron máis esforzos para difundir e activar o patrimonio, tanto desde o punto de vista social como empresarial. Pero por outro lado seguimos a ter eivas que veñen de moito atrás e que impiden que se fagan políticas de xestión axeitadas á realidade e coordinadas entre todos os actores implicados.

Desde a FGCMF consideramos que as seguintes accións deben ser prioritarias á hora de protexer e activar o patrimonio marítimo e fluvial.

- Elaboración e mantemento actualizado dun inventario do patrimonio marítimo e fluvial, tanto moble como inmovible e inmaterial
- Establecer mecanismos para o recoñecemento cultural das embarcacións de interese patrimonial
- Elaborar unha política de discriminación positiva clara e que axude á subsistencia dos barcos de interese patrimonial
- Apoiar decididamente ao sector da carpintería de ribeira, eliminando atrancos normativos para o seu traballo
- Coordinar os centros, entidades e actividades adicados ao patrimonio marítimo e fluvial, independentemente de a que institución pertenzan. Creando unha imaxe común e identificadora cara á poboación en xeral e ao turismo en particular.
- Apoiar o turismo sostible e que integre o patrimonio marítimo e fluvial como un valor de marca salientable
- Liderar o Grupo de Traballo "Cultura e Turismo" da Comisión do Arco Atlántico da Conferencia de Rexións Periféricas Marítimas de Europa
- Apoiar decididamente o Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia, como elemento dinamizador do patrimonio, e como escaparate cara á cidadanía galega e á de outros territorios do traballo desenvolto.